

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZ11FG		<i>Fecha</i> 22-07-15 12:58

Asunto

Orden del Día Propuesto de la sesión AYT/XGL/45/2015

15078DCMGZ11FGE

²15078DCMGZ11FGEµ»

²15078DCMGZ11FGEµ»

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Dna. María Rozas Pérez
D. Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dna. Branca Petra Novo Rey
Dna. Concepción Fernández Fernández
D. Xan Xesús Duro Fernández

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **24 de xullo de 2015, ás 8:30 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de Acta de sesión anterior.
- 2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para legalización de muro de contención de cerrume de parcela sita na rúa Rial de Conxo (do), 35. (LIC/1940/2014).
- 3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación a título gratuito e libre de cargas e gravámenes da cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para construción dunha rampa de acceso ao local (sen uso específico) sito na rúa Concheiros (dos), 4. (LIC/1563/2012).
- 4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZ11FG		<i>Fecha</i> 22-07-15 12:58

modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión do 30 de abril de 2014, segundo o proxecto básico e de execución modificado presentado na data 26.02.2015. (LIC/757/2012).

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á concesión do cambio de uso de oficina a vivenda do local sito na Praza Nosa Señora da Mercé de Conxo nº 10. (LIC/1691/2014).

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de substitución de cuberta e rehabilitación de fachadas dunha vivenda unifamiliar sita en lugar de Marzo de Arriba, 6. (LIC/1096/2015).

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á denegación de licenza para acondicionamento de parcela e montaxe de invernadoiro sito no lugar de Vixoi. (LIC/372/2015).

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para parcelación dunha parcela sita no Lugar de Marantes nº 3. (LIC/642/2014).

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da renuncia á licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 18 de xaneiro de 2011 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Santa María de Villestro e declarar extinguida para todos os efectos a licenza no seu día concedida. (LIC/1917/2010).

10.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativas a devolución de fianzas.

11.- Devolución de fianza en materia de contratación.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZ11FG		<i>Fecha</i> 22-07-15 12:58

12.- Prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais adscritos á xestión do Departamento Municipal de Deportes.

13.- Servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal no Concello de Santiago de Compostela.

14.- Proposta do alcalde relativa ao inicio de expediente de revisión de demolición da casa da xuventude.

15.- Proposta do alcalde relativa á resolución do III Concurso de proxectos de publicidade comercial en galego.

16.- Proposta do alcalde relativa á resolución da II convocatoria do II concurso de Vídeo-Creación para centros de ensino.

17.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa ao exercizo da potestade para a concesión de subvencións ao abeiro da ordenanza reguladora do programa Santiago Suma de inclusión social.

18.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.

19.- Proposta da concellería de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Atletismo para o desenvolvemento do IV Circuito de Carreiras Saudables, "Corresán".

20.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

21.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2015

O Alcalde

Asdo:Martiño Noriega Sánchez